



## ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 19 de setembro), a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **sector de alumnado**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral **un alumno ou alumna**, do total de tres que debe ter o Consello Escolar: os outros dous continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.

2.- Son electores todos os alumnos e alumnas matriculados no centro en ESO e incluídos no censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As **reclamacións** ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 14:30 horas do día 7 de novembro**.

3.- Son elixibles as alumnas e alumnos que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do colexio. As **candidaturas** poderán ser presentadas **ata as 14:30 horas do día 8 de novembro**.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre o alumnado que non presente candidatura, o día 11 de novembro, ás 11:45 horas. A devandita mesa electoral estará composta pola directora do centro, que actuará como presidenta, e **2 alumnos/as de ESO, exercendo a secretaría o/a de menor idade**.

5.- A campaña electoral comprenderá desde o 9 ao 18 de novembro, ambos días inclusive.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos e alumnas que estean avalados pola sinatura de cando menos dez electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste centro o **día 19 de novembro, de 9:40 a 12 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 9:30 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **de un nome** das candidaturas presentadas. O voto será directo, secreto e non delegable.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do centro.

10.- A Xunta Electoral resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

San Vicente, 28 de outubro de 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: María del Mar Sueiro Pena

